



Concello de Nigrán

I GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE NIGRÁN

Sábado 20 de abril de 2019

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DA I GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE NIGRÁN 2019

O Concello de Nigrán desexa premiar aos distintos clubs ou entidades deportivas do Municipio e deportistas individuais polos éxitos obtidos, así coma tamén pola súa traxectoria deportiva, xa que considérase importante recoñecer os logros para motivar ás entidades deportivas e aos deportistas individuais, ademáis de recoñecer o seu traballo, constancia e esforzo, o que é necesario tamén para fomentar a práctica do deporte.

Neste senso, o Concello de Nigrán vai realizar a súa Primeira Gala do Deporte o día 20 de abril do 2019, na que se outorgarán unha serie de premios aos clubs ou entidades deportivas e aos deportistas individuais do Municipio, de acordo ás bases que a continuación se especifican.

Estas bases serán publicadas na páxina web, tablón de anuncios e demais medios que se consideren oportunos, e enviaranse a todos os clubs deportivos inscritos no Rexistro de Entidades Asociativas Deportivas.

BASES DA CONVOCATORIA

ARTIGO 1. OBXECTO

O obxectivo principal da Gala é a de recoñecer a dedicación, esforzo, entrega e, en definitiva, todos os valores do deporte que as entidades deportivas e deportistas individuais demostran na práctica do seu deporte, e que estes sirvan de incentivo para que os máis pequenos e a poboación en xeral únanse á práctica do deporte.

Poderán presentarse aos premios os deportistas pertencentes aos clubs ou entidades deportivas legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Entidades Asociativas Deportivas como Club Deportivo e os deportistas individuais empadroados no municipio con logros deportivos.

Toda petición asume por si mesma, as normas de participación, así coma a aprobación do proceso e o dictamen final do xurado.

As candidaturas poderán ser presentadas por calquera entidade deportiva, club, asociación ou deportista individual, así coma as proposicións do xurado. As candidaturas serán:

- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN FEMININA
- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA MASCULINO
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA FEMININA
- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA DE DEPORTE INCLUSIVO MASCULINO
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA DE DEPORTE INCLUSIVO FEMININA
- PREMIO AO MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA
- PREMIO AO MELLOR CLUB DE DEPORTE INCLUSIVO
- PREMIO AO PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE
- PREMIO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA
- PREMIO AO MELLOR EVENTO DO ANO
- PREMIOS AOS VALORES DEPORTIVOS (MENCIONS ESPECIAIS)

ARTIGO 2. CANDIDATOS/AS

2.1. Categoría de MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO E FEMININA

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles deportistas do municipio menores de 18 anos (naturais, empadroados ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva nos clubs do municipio) que practiquen a súa disciplina deportiva en Nigrán ou noutras localidades.

Dita candidatura poderá ser presentada polo club deportivo en representación do deportista ou ben polo propio deportista solicitante.

2.2. Categoría de MELLOR DEPORTISTA MASCULINO E FEMININA (tamén candidaturas de MELLOR DEPORTISTA DE DEPORTE INCLUSIVO)

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles deportistas do municipio de 18 anos ou máis (naturais, empadroados/as ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva nos clubs do municipio) que practiquen a súa disciplina no Concello de Nigrán ou en outras localidades.

A candidatura poderá ser presentada polo club deportivo en representación do deportista ou ben polo propio deportista solicitante.

2.3. Categoría de MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA (tamén candidaturas de MELLOR CLUB DE DEPORTE INCLUSIVO)

Nesta categoría valoraranse aqueles clubs ou entidades deportivas que cumpran as seguintes condicións:

- a) Que desenvolvan a súa actividade deportiva no municipio e que estean legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Entidades Asociativas Deportivas do Concello de Nigrán.
- b) Que realicen as actividades de competición, de promoción ou de divulgación deportiva.
- c) Que destacara ao longo da súa traxectoria non so polos seus méritos deportivos, senón tamén polas súas capacidades e dotes organizativas de eventos.

2.4. Categoría de PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE

Nesta categoría valoraranse aquelas entidades privadas que estean legalmente constituídas e que teñan destacado polo seu apoio e colaboración co deporte local, así como pola organización de eventos deportivos.

Tódolos clubs e entidades deportivas nomearán ata un máximo de tres entidades que colaboren e patrocinen os seus eventos deportivos. O xurado escollerá de entre todos os candidatos, as tres entidades nomeadas para o premio definitivo.

2.5. Categoría de TRAXECTORIA DEPORTIVA

Nesta categoría valorarase a capacidade do deportista de Nigrán que, pola súa entrega, dedicación e pola exemplaridade da súa traxectoria deportiva realizara o deporte nigranés no noso municipio ou máis alá do mesmo.

2.6. Categoría de MELLOR EVENTO DO ANO

Nesta categoría valorarase aquel evento organizado no noso municipio, organizado ou non por entidades deportivas do mesmo, que realizen actividades de competición, promoción, divulgación deportiva e de lecer, que realzase o deporte nigranés no noso municipio ou máis alá do mesmo.

ARTIGO 3. MENCIÓNS ESPECIAIS

O xurado poderá outorgar mencións especiais para unha persona ou entidade que aínda non sendo deportista, destacara pola defensa dos valores humanos no deporte, relacionado co mundo do deporte de Nigrán, nalgún club ou que sempre promociione ou promocionase Nigrán por medio do deporte.

ARTIGO 4. CANDIDATURAS

O prazo para a presentación das candidaturas será dende o día de publicación destas bases ata o día 15 de marzo do 2019, debendo presentar as solicitudes a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Nigrán en sobre pechado. Non será admisible a presentación de novas candidaturas pasada esta data.

As bases e fichas de candidaturas remitiranse por correo ordinario aos clubs e indícaráselles o último día de presentación das candidaturas.

As solicitudes candidatas a ditos premios, sempre por escrito e dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Nigrán, só poderán ser presentadas polos propios interesados ou polos clubs/entidades deportivas ao que pertenzan e que se inclúan nas categorías antes descritas. Así mesmo, o xurado poderá propoñer candidatos en cada unha das categorías descritas nas presentes Bases, así como crear novas categorías ou mencións.

Nas solicitudes farase constar a seguinte documentación:

- DNI debidamente compulsado.
- Currículo deportivo, méritos dos candidatos propostos e resultados deportivos.
- 3 fotografías de boa calidade practicando a súa disciplina deportiva (preferiblemente ao enderezo electrónico: cultura@nigran.org).

ARTIGO 5. XURADO

A elección dos premiados corresponderá a un xurado que estará integrado por representantes de diversas institucións ou entidades deportivas en xeral, que teñen relación e especial implicación co mundo do deporte, así como tamén membros da Corporación e estará presidido polo Sr. Alcalde Presidente do Concello de Nigrán.

A decisión do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto un premio se as persoas ou entidades propostas non acadasen, ao seu xuízo, o nivel deportivo suficiente.

ARTIGO 6. CALENDARIO

Fase de recepción de candidaturas: dende o día da publicación destas bases reguladoras ata o día 15 de marzo do 2019, presentadas no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Nigrán en sobre pechado.

Data da Gala: a Gala celebrarase o día sábado 20 de abril do 2019 ás 19:00h no Auditorio Municipal do Concello de Nigrán.